

ASPECTOS TRATADOS NA REUNIÓN DO SEGUNDO TRIMESTRE:

- Sobre os DATOS PERSOAIS: indicouse que se comuniquen coa máxima brevidade posible os cambios que poden ser importantes para o centro(sobretudo os teléfonos de urxencias).
- Recordouse que aqueles nenos que habitualmente utilizan o bus, non sairán pola porta principal, senón que quedarán no grupo de "Hoxe non vou en bus" e sairán pola porta de transporte.
- Recordouse que, cando o colexio organice e celebre un evento ao que acudan as familias dos alumnos/as (Nadal, Entroido...) deben saber que, no caso de gravar IMAXES, serán exclusivamente para o seu uso persoal e doméstico.
- Sobre SAÍDAS: Está prevista unha saída ao CONCELLO (a data está por determinar xa que queremos aproveitar para relacionalo con ciencias sociais) . Tamén está prevista unha EXCURSIÓN PARA FINAL DE CURSO(previsiblemente o 28 de maio) cos compañeiros e compañeiras de 3º pola Ribeira Sacra, con ruta no Catamarán e logo a unha alfarería (Monforte) Podería complementarse con algunha actividade máis. O custe estimado é de 20 euros, aínda que pode variar en función dos que vaian.
- Sobre SAÚDE E HÁBITOS SAUDABLES: Recordouse que no caso de que o/a alumno/a presente alerxia ou intolerancia a algún alimento ou fármaco, será preciso presentar certificado médico. No caso de que o neno/a padeza unha enfermidade infecciosa e/ou contaxiosa deberá permanecer na casa no tempo que determinen as

autoridades sanitarias, coa fin de evitar contaxios ao resto dos compañeiros/as. Informar ao titor ante calquera tipo de doenza (asma, diabete, problemas de audición ou visión...) para tomar as medidas oportunas que eviten posibles problemas. Tamén avisar, no caso de estar tomando medicacións que poidan influír no desenvolvemento habitual do neno/a na aula (somnolencia, cansazo, hiperactividade,...).

No referente ás MERENDAS, recordouse que deben ser produtos saudables (froita, bocadillo...).

- Os ANIVERSARIOS seguimos a celebralos cun libriño de dedicatorias e 15 minutos de tempo libre, no patio ou na aula, para compartir todos e todas xuntos.

- Recordouse que o alumnado ten que traer a BOLSA PARA EDUCACIÓN FÍSICA para as ducharse.

- Sobre a CONDUTA dos nenos e nenas, explicouse o sistema de vidas que temos na aula (cada discente ten 3 vidas e, se chega ao final do día con, cando menos unha, suma un punto en Class Dojo, que logo pode trocar por premios). Ten boa aceptación por parte dos nenos e nenas e está funcionando bastante ben.

Tamén se recordou que calquera conflito que xurda ou que digan os nenos e nenas se nos comunique, por se non fomos conscientes, para intentar solucionalo.

Recordouse que calquera mestre do centro e as coidadoras do comedor, teñen potestade para atender ou, de ser o caso, reprender aos nenos e nenas.

- Vaise desenvolver un TALLER da Cruz Vermella de catro horas sobre habilidades sociais e sobre a relación do alumnado entre sí (a data está por determinar)

- OUTROS AVISOS E INFORMACIÓNS:

Cando queirades solicitar unha TITORÍA, contactade comigo por Abalar ou pola axenda do alumnado, xa que se a solicitudes desde a aplicación, no espazo que pon titorías, pode dar erro ou varios podedes solicitar a mesma data e hora.

No caso de que me mandades unha mensaxe por Abalar a partir das 3 da tarde e sexa para algo inmediato (por exemplo relacionado coa saída do alumnado ese mesmo día) mellor chamar ao centro, xa que pode que non o vexa ata despois da saída.

No caso de que un alumno ou alumna esqueza un material na casa, pregamos que os pais/nais non llo acheguen ao colexio, co fin de fomentar e potenciar a súa autonomía e responsabilidade.

Xa de cara ao terceiro trimestre, adiantei que se realizará unha Proba de Avaliación de Diagnóstico (AVALDIA) establecida pola Consellería para todos os centros de Galicia. Esta proba non ten valor académico.